

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 14 DE NOVEMBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regulan os complementos das prestacións económicas na situación de incapacidade temporal e noutras situacións protexidas do persoal funcionario dos corpos ao servizo da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se modifica o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, aprobado polo Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada OU-203 Maside (541)-Estación de Maside en toda a súa lonxitude a prol do Concello de Maside.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a Estratexia galega de crecemento dixital.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o gasto para a execución da obra de colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Baroña. Porto do Son (A Coruña), clave

OH.315.1067, por importe dun millón noventa mil oitocentos sete euros con sesenta e sete céntimos (1.090.807,67 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión dunha parcela de 2.553,40 m², feita a título gratuito pola Mancomunidade do Salnés a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á ampliación do Hospital do Salnés.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á 6^a prórroga do contrato de xestión de servizos públicos para a reserva e ocupación de prazas para persoas con discapacidade no centro residencial Santa María (PN 15/08). Importe do orzamento: seiscentos noventa e oito mil oitocentos dezaioito euros con cincuenta e seis céntimos (698.818,56 euros). Valor estimado: quince millóns setecentos oitenta e sete mil douscentos euros (15.787.200,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se aproba o texto do Anteproxecto de lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, para o seu sometemento a posteriores trámites, ditames e consultas.
- Acordo polo que se aproba o texto do Proxecto de Decreto polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Resolución da convocatoria de axudas para investimentos innovadores para o ano 2013.

A XUNTA REGULA AS RETRIBUCIÓNS QUE RECIBIRÁ O SEU PERSOAL DE XUSTIZA EN CASO DE INCAPACIDADE TEMPORAL E NOUTRAS SITUACIÓNS PROTEXIDAS

- ***Aproba un decreto para que os funcionarios de Xustiza en Galicia teñan un réxime homoxéneo co Estado e a maiorías das comunidades autónomas***
- ***Percibirase o soldo íntegro en incapacidades temporais motivadas por tratamentos oncolóxicos, discapacidades ou violencia de xénero, entre outros supostos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto para regular os complementos das prestacións económicas na situación de incapacidade temporal e noutras situacións protexidas do persoal funcionario da Administración de xustiza en Galicia.

O obxectivo desta norma é que este corpo de carácter nacional teña un réxime homoxéneo co Estado e coa maiorías das comunidades autónomas, seguindo a liña das disposicións ditadas polo Ministerio de Xustiza. Afectará aos funcionarios dos corpos nacionais de médicos forenses, xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial.

Segundo se recolle do texto, percibirán o 100 por cento das súas retribucións, aqueles traballadores en situacións de incapacidade temporal por continxencias profesionais e durante os permisos por parto, adopción, acollemento e paternidade.

Tamén cobrarán integramente o seu salario os empregados da Administración de xustiza en situación de incapacidade temporal motivada por supostos de hospitalización e intervención cirúrxica; procesos que impliquen tratamentos oncolóxicos; ou que se iniciasen durante os procesos de xestación ou da lactación, aínda que non estean vinculados ao dito estado.

O mesmo ocorrerá coas incapacidades temporais derivadas de enfermidades que fosen causa da concesión de discapacidade con grao igual ou superior ao 33 por cento; motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da violencia de xénero; situacións de risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural e as derivadas de enfermidades graves, como poden ser enfermidades autoinmunes, cardiopatías ou trastornos de conduta.

No resto de supostos de incapacidade temporal por continxencias comúns, os funcionarios en situación de incapacidade temporal percibirán o 50% das retribucións entre o primeiro ao terceiro día da baixa; o 75% do cuarto ao vixésimo día e o 100% do día 21 en diante.

A XUNTA AXILIZARÁ AS TOMAS DE POSESIÓN NOS CONCURSOS DE TRASLADOS COA ACTUALIZACIÓN DO REGULAMENTO VIXENTE

- *O prazo para tomar posesión do novo destino será de sete días hábiles cando leve consigo un cambio de residencia e de tres días se non implica este cambio*
- *O período é similar ao establecido noutras normas estatais e autonómicas, e permitirá gañar en rapidez e eficacia na prestación dos servizos públicos*
- *O cambio de localidade xa non leva consigo de xeito ordinario o cambio de residencia, debido á desaparición da obriga de residir na localidade onde radica o posto de traballo e á mellora das comunicacións e dos transportes públicos*

A Consellería de Facenda axilizará as tomas de posesión nos concursos de traslados a través da actualización do Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción e profesional e promoción interna, aprobado polo Decreto 93/1991, o que permitirá gañar en rapidez e eficacia na prestación dos servizos públicos.

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto que modifica o Regulamento de provisión de posto de traballo nos concursos de traslados, a través do cal o prazo para tomar posesión do novo destino será de tres días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de sete días hábiles se comporta cambio de residencia.

Non obstante, para o suposto de reingreso ao servizo activo, en ausencia dun anterior destino de referencia no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, o prazo para tomar posesión amplíase a vinte días hábiles.

Os períodos que se fixan con esta actualización son similares ao establecido noutras normas do Estado e das comunidades autónomas, e permitirán gañar en rapidez e eficacia na prestación dos servizos públicos por parte da Administración galega.

Dende hai anos o cambio de localidade xa non comporta de xeito ordinario o cambio de residencia do funcionario, debido á desaparición da obriga de residir na localidade onde radica o posto de traballo. Ademais, tamén hai que ter en conta a mellora dos medios de transporte públicos e privados e a maior dispersión territorial dos servizos administrativos.

Así mesmo, a incorporación das novas tecnoloxías e a maior proximidade aos cidadáns dos centros prestadores de servizos reducen notablemente o tempo necesario para a práctica de todo tipo de xestións. É por iso que se establecen uns prazos de toma de posesión adaptados a esta nova realidade.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA OU-203 (MASIDE-ESTACIÓN), A PROL DESTE CONCELLO OURENSÁ

- *A modificación faise necesaria porque o treito referido adquiriu características de tramo urbano*
- *A entrega da vía formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega*
- *Tras o cambio, o Concello de Maside deberá incorporar ao seu Plan de estradas a vía a que se refire este decreto, así como facerse cargo do seu mantemento*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o decreto de cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica OU-203 (Maside-Estación de Maside) en toda a súa lonxitude, a prol do concello ourensá. Trátase dun tramo de 940 metros.

Cabe sinalar que esta modificación se fai necesaria porque o treito referido adquiriu características de tramo urbano e, polo tanto, pasará a ser de competencia municipal.


O Concello de Maside foi o que solicitou o cambio de titularidade do treito referido que, actualmente, é autonómico. A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da Lei de estradas, que establece que os cambios de titularidade se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Compromisos

O Concello de Maside deberá incorporar ao seu Plan de estradas a vía a que se refire este decreto, así como facerse cargo do seu mantemento. Ademais, correspóndelle ao municipio, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

A entrega do treito formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega.



A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA DE CRECEMENTO DIXITAL PARA AFRONTAR OS RETOS TECNOLÓXICOS DO HORIZONTE 2020

- *Está aliñada coa RIS 3 de Galicia e dá cumprimento ao requisito establecido pola Comisión Europea de que cada rexión dispoña dun capítulo específico na área TIC para o novo período de financiamento 2014-2020*
- *Prioriza as actuacións para consolidar e darlle continuidade ás medidas da Axenda Dixital 2014.gal*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Estratexia galega de crecemento dixital, unha folla de ruta na que se establecen as liñas estratéxicas da política tecnolóxica do Goberno autonómico para o horizonte 2020. Esta estratexia está perfectamente aliñada coa RIS 3 de Galicia para establecer relacións sinérxicas entre elas e captar fondos europeos en proxectos tecnolóxicos para a Comunidade no novo período de financiamento 2014-2020.

Coa aprobación da Estratexia galega de crecemento dixital, Galicia cumpre co requisito establecido pola Unión Europea de que as Estratexias de investigación e innovación para especialización intelixente RIS 3, recollan un capítulo específico destinado ás TIC. O sector tecnolóxico é un dos motores da especialización e da competitividade dos restantes sectores produtivos, representa o 5% do PIB europeo, impulsa o 20% do crecemento da produtividade xeral e constitúe unha cuarta parte do negocio total en I+D+i, sendo un dos máis intensivos na aposta pola innovación.

En Galicia máis do 30% das empresas TIC galegas desenvolveu actividades de I+D+i nos tres últimos anos, un incremento do 15,1% respecto do período anterior. Destas empresas, un 71,3% obtivo produtos comercializables. De aí a importancia de que as estratexias tecnolóxicas e de innovación estean perfectamente aliñadas.

De aí que o desenvolvemento da Estratexia de crecemento dixital realizárase coa participación dos axentes, públicos e privados, involucrados nas políticas en materia tecnolóxica e de sociedade da información, e consultando cos axentes participantes nos grupos de traballo da estratexia RIS 3 de Galicia.

Liñas de actuación

A Estratexia galega de crecemento dixital prioriza as grandes liñas de actuación que consolidarán e darán continuidade ás medidas da Axenda dixital 2014.gal. No eido da Administración establece a consolidación da Administración electrónica e do eGoberno así como a modernización tecnolóxica dos servizos sociosanitarios para garantir a sustentabilidade do sistema, a modernización dos sistemas de emerxencias e catástrofes e dos sistemas de transporte para facelos máis eficientes e garantir unha

mellor mobilidade.

Establece tamén a consolidación dun hipersector TIC competitivo e innovador para o cal, ás medidas que se están a desenvolver, se sumarán actuacións de apoio integral ao emprendemento TIC, de impulso á preparación de profesionais TIC altamente cualificados así como o fomento da innovación tecnolóxica e a súa posterior aplicación aos sectores tractors da economía.

Mellorar a competitividade do tecido empresarial é outra das grandes liñas de actuación da Estratexia de crecemento dixital que establece programas específicos para a modernización dos sectores primarios galegos para mellorar a súa xestión e os seus procesos de negocio. O obxectivo final é incrementar a súa competitividade e internacionalización para o que prevé tamén o fomento do asesoramento a empresas para a identificación das súas necesidades tecnolóxicas e as súa posterior integración nos seus procesos produtivos.

Búscase acadar unha cidadanía plenamente dixital articulando unha estratexia de aprendizaxe permanente da cidadanía, creando un programa de acreditación de competencias dixitais e o fomento da educación dixital en todos os niveis educativos.

No eido das infraestruturas de telecomunicación, o obxectivo a medio prazo é impulsar o despregamento de redes ultrarrápidas e incentivar de fomentar uso da banda larga móbil e a demanda de servizos de fogar dixital.

2014.gal, o primeiro paso para a converxencia con Europa

A Xunta vén traballando desde 2009 no desenvolvemento dunha estratexia tecnolóxica global, 2014.gal, aliñada cos obxectivos formulados na Estratexia Europa 2020, e cun investimento público privado de 893 millóns de euros no período 2009-2012.

Entre os pasos máis importantes dados neste período están os avances para achegamento da banda larga a todos os galegos, a creación dun único organismo para a xestión da política tecnolóxica coa posta en marcha da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o establecemento dunha política integral de impulso da administración electrónica e da participación cidadá ou a posta en marcha dunha infraestrutura de apoio ás pemes para lograr a efectiva introdución das tecnoloxías da información no tecido empresarial galego.

O traballo realizado durante estes catro anos a través da Axenda Dixital de Galicia "2014.gal" serviu para situar Galicia nun nivel de converxencia, antes nunca acadado, coa media da UE no emprego de tecnoloxías da información e da comunicación.

A nova estratexia deberá servir para acadar case unha plena converxencia con Europa no horizonte 2020. Este é o obxectivo que se marca Galicia no ámbito do crecemento dixital.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 1 MILLÓN DE EUROS NAS OBRAS DA DEPURADORA E OS COLECTORES XERAIS DE BAROÑA, NO CONCELLO DE PORTO DO SON, QUE SE LICITARÁN ANTES DE QUE REMATE O ANO

- *Este proxecto pretende dotar dun servizo de saneamento axeitado á parroquia de Baroña co fin de eliminar as verteduras sen tratamento*
- *A nova rede de saneamento culmina na EDAR de Abuín, cun caudal máximo de tratamento de 17,1m³/h e cunha capacidade de depuración que dará servizo a máis de 500 habitantes*
- *A nova estación depuradora instalarase ao oeste do núcleo de Abuín, ao outro lado da estrada Cee-Ribeira (AC-550)*
- *A liña de auga da nova depuradora consta de sistema de pretratamento, bombeo de cabeceira e decantador primario e secundario*

O Consello da Xunta, na súa sesión de hoxe, autorizou un gasto de 1.090.807 euros para a execución da obra dos colectores xerais e a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Baroña, no concello de Porto do Son. O paso dado hoxe polo Goberno galego permitirá licitar esta actuación antes de que remate o ano.

Este proxecto, que será executado por Augas de Galicia, define e valora as actuacións necesarias para a eliminación de verteduras sen tratar ao medio, en núcleos da parroquia de Baroña, en Porto do Son, mediante a construción dunha rede de colectores, un novo bombeo e impulsión que conducirán as augas para a nova depuradora de Abuín.

Estas obras son consideradas por Augas de Galicia de carácter hidráulico primordial na súa planificación. Actualmente a rede de saneamento da parroquia de Baroña, pode definirse en tres sistemas independentes: Arnela- Vilar, Abuín- Igrexa- Campanario e Penas- Tarrío- Orellán.

A rede presenta roturas en diversos puntos polo que se detectaron filtracións de augas residuais e as verteduras chegan ao medio receptor sen tratar, motivo fundamental polo que se impulsan estas actuacións que solucionarán o citado problema.

Augas de Galicia proxecta a execución dunha rede separativa de tres colectores por gravidade:

- **Colector Abuín 1:** recolle un colector de saneamento existente do núcleo de Abuín que actualmente está fóra de servizo e a impulsión de Arnela. Incorpora tamén o ramal de Abuín, que recolle a maior parte do saneamento do dito núcleo. Executaranse 480 metros de tubaxe de PVC de diámetro de 315 mm.

- **Colector Abuín 2:** abrangue as vivendas dispersas que se sitúan entre os núcleos de Abuín e Campanario. Terá unha lonxitude de 896 metros en tubaxe de diámetro de 250 mm. No seu extremo, augas abaixo, incorpórase ao colector Abuín 1, unificándose así a entrada á EDAR.
- **Ramal de Abuín:** proxéctase a reposición do colector existente que recolle o saneamento de Abuín e discorre por predios. Terá unha lonxitude de 193 metros en tubaxe de PVC de diámetro de 315 mm.

Executarase tamén unha nova estación de bombeo en Arnela, radicada na zona da praia do mesmo nome, que impulsará as augas residuais dos núcleos de Arnela e Vilar. O bombeo de 2 bombas de 4,3 Kw cada unha terá capacidade para elevar un caudal de 2,7 l/s. O pozo de bombeo será unha estación compacta en polietileno de 2,29 metros de profundidade. Entre estas actuacións tamén se realizará a execución dun tramo de impulsión que permita bombear as augas residuais dos núcleos de Arnela e Vilar ata o pozo 14 do colector Abuín-1 onde romperá en carga.

Estación depuradora

Este proxecto hidráulico tamén prevé unha estación depuradora cunha capacidade de tratamento de máis de 500 habitantes que se situará ao oeste do núcleo de Abuín, ao outro lado da estrada Cee- Ribeira (AC-550). A liña de auga da EDAR consta dos seguintes elementos:

- **Pretratamento:** está deseñado para un caudal máximo de 72 m³/h en previsión das augas pluviais que a curto-medio prazo poden chegar á estación a través do ramal de Abuín. Conta cunha canle dobre na cal se colocan unha reixa manual con cesta para recollida de residuos e un tamiz para o desbastamento de finos.
- **Bombeo de cabeceira:** proxéctase un bombeo de 2 bombas de 1,5 kw cada unha con capacidade de regular o caudal de entrada ao decantador primario, contando para iso cun variador de frecuencia. O pozo de bombeo deseñouse de xeito amplo para que funcione como tanque de retención fronte ás augas pluviais que poidan chegar á EDAR a través de redes antigas.
- **Decantador primario:** terá un volume de 70 m³ e unha capacidade de almacenamento de lodos de polo menos 60 días.
- **Decantador secundario:** terá un volume de 15,2 m³ e o tanque incorpora un sistema de bombeo de retorno de lodos á etapa primaria.

Cómpre sinalar que o Concello de Porto do Son cumpriu coas súas obrigas poñendo á disposición os terreos necesarios para a execución das obras, adoitando o compromiso de asumir a explotación, mantemento e conservación das instalacións unha vez rematada a actuación.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CESIÓN DUNHA PARCELA PARA A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DO SALNÉS

- ***Este paso permitirá seguir traballando para poder comezar as obras de ampliación do Hospital no 2014 e rematalas a finais de 2015***

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar a cesión gratuíta, feita pola mancomunidade do Salnés a favor do Servizo Galego de Saúde, dunha parcela de 2.553 metros cadrados, para a ampliación do Hospital do Salnés.

Para o proxecto, valoráronse e analizáronse as necesidades asistenciais que están recollidas no plan funcional e redactouse unha proposta arquitectónica. Doutra banda, realizouse a licitación da contratación da subministración enerxética prestacional e mantemento e conservación de edificios e instalación de centros sanitarios, con inclusión de servizos de redacción de proxecto, dirección facultativa de obras e coordinación de seguridade e saúde.

A proposta de adxudicación corresponde á empresa Cofely España. O proxecto arquitectónico será presentado aos profesionais en próximas datas.

Está previsto que se liciten as obras no primeiro semestre de 2014, que terán un prazo de execución estimado de 20 meses, polo que a obra remataría a finais de 2015.

Coa ampliación da área de Urxencias incrementarase a súa capacidade asistencial, mellorando as condicións de traballo e confort de usuarios e profesionais e establecendo áreas específicas para a atención de urxencias xerais, infantís e maternais, nun servizo funcional e organicamente único coas súas diversas funcións e espazos notablemente mellorados.

BENESTAR INVISTE PRETO DE 700.000 EUROS NO MANTEMENTO DE 44 PRAZAS DE DISCAPACIDADE NA CIDADE DE OURENSE

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta actuación para o centro residencial Santa María*
- *En total, a Consellería de Traballo e Benestar conta con preto de 5.000 prazas públicas no eido da discapacidade, das cales máis de 700 se puxeron en marcha desde 2009, un 16 por cento máis das que había*
- *O departamento autonómico incrementará nun 5,8 o orzamento para este colectivo en 2014, que ascenderá a máis de 97,2 millóns de euros*
- *Reforzará tamén en 2014 a partida económica para os programas de emprego e discapacidade que aumentará nun 8%, ata os 17,4 millóns*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá preto de 700.000 euros no mantemento de 44 prazas de discapacidade no centro residencial Santa María de Ourense. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta actuación para o ano 2014. Estas 44 prazas forman parte das 5.000 coas que conta a Consellería de Traballo e Benestar no eido da discapacidade. O Goberno galego investirá ao longo de 2014 un total de 50 millóns de euros para o mantemento destas 5.000 prazas públicas, das cales máis de 700 se puxeron en marcha desde 2009, o que supón un 16 por cento máis.

Esta actuación forma parte da aposta do Goberno galego pola atención á discapacidade e polo mantemento de recursos sociais dunha forma eficiente e planificada. Neste eido, ademais, incrementarase nos orzamentos de 2014 a partida global destinada a este ámbito. Aumentará nun 5,8 por cento, polo que ascenderá a 97,2 millóns de euros.

Así mesmo, reforzase a dotación económica para os programas de emprego e discapacidade, que aumentará nun 8 por cento chegando aos 17,4 millóns de euros. Deste xeito, as persoas con discapacidade seguen a ser para o Goberno galego un colectivo prioritario en todas as ordes de emprego, xa que a Xunta está a traballar para promover a formación, mellorar a empregabilidade, fomentar a orientación laboral e a contratación das persoas con discapacidade.

É preciso lembrar que o Goberno galego puxo en marcha en 2010 o primeiro Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, que contou con máis de 300 medidas, que se executaron cun cumprimento de preto do 100 por cento e beneficiaron a 100.000 persoas ao ano. Trátase dunha estratexia transversal e de consenso que se elaborou co obxectivo fundamental de seguir a avanzar na inserción das persoas con discapacidade a través do emprego.

A METAGA FOMENTARÁ A REESTRUTURACIÓN DAS PARCELAS AGRARIAS POTENCIANDO O SEU APROVEITAMENTO E A PRODUTIVIDADE DO TERREO

- *O anteproxecto de Lei da METAGA cambia a orixinaria forma de levar a cabo os procesos de concentración parcelaria simplificando e axilizando o proceso*
- *O novo texto non se centra só en reducir o número de fincas senón que atende a criterios de rendibilidade dos terreos*
- *Reduce os prazos e será de aplicación aos procesos de concentración en marcha nos casos nos que sexa posible*
- *Promove un sistema de permutas entre titulares de predios de vocación agraria*
- *Os titulares de terreos abandonados deberán optar entre traballalos, arrendalos a terceiros que os traballen ou incorporalos ao Banco de Terras*

O Consello da Xunta analizou hoxe o anteproxecto de Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, realizado pola Consellería do Medio Rural e do Mar. Este instrumento permitirá unha reestruturación das parcelas agrarias fomentando o seu aproveitamento e a produtividade do terreo.

O novo texto legal supón un salto cualitativo en canto á reestruturación do agro galego, poñendo a terra con vocación agraria en valor e fomentando que se xere riqueza a través da optimización do seu uso. Trátase dunha concepción máis moderna da mellora das estruturas, orientada a favorecer o desenvolvemento económico das explotacións e que vai máis aló do que supoñía ata o de agora a simple concentración de parcelas.

Tendo en conta que coa actual Lei de concentración parcelaria -que se remonta ao ano 1985- se alonga demasiado no tempo no proceso de agrupación de terreos e que se centra esencialmente na diminución do número de parcelas, deseñouse un texto que fomenta a reestruturación das fincas atendendo a criterios de mellora da rendibilidade das explotacións.

Ademais simplifica o procedemento reducindo o número de fases, mellorando o sistema de entrega e o de tramitación e diminuíndo sensiblemente tanto os custes como os prazos de execución. A nova lei priorizará tamén os aproveitamentos en común e favorecerá, asemade, a participación pública no proceso introducindo novas formas de participación como os Comités Técnicos Asesores que coordinarán aos distintos axentes implicados nos procedementos de reestruturación.

Así mesmo, crea o Plan de Ordenación de predios de especial vocación agraria que identificará as zonas idóneas para os diferentes aproveitamentos e introduce como novidade a posibilidade de actuar en solos de núcleo rural. Para este tipo de solos, permítese a reestruturación sen afectar a unha posta en marcha de procesos de

ordenación urbanística, dando así resposta a unha das principais demandas dos propietarios de explotacións agrarias que se asentan no medio rural.

A maiores permitirá declarar a caducidade dalgúns procesos de concentración parcelaria antigos que quedaran obsoletos e simplificará varias normativas que quedarán ao abeiro desta lei, simplificando de xeito considerable a súa regulación. Ademais, fomenta que se poidan iniciar procesos de reestruturación de propiedades a instancias dos particulares que deberán agruparse.

Así mesmo, e co obxectivo de minorar os efectos xerados sobre a estrutura das explotacións agrarias polos proxectos de execución de grandes obras públicas ou de interese xeral, promóvese un proceso especial de reestruturación parcelaria nesas zonas.

Loita contra o abandono

Nun esforzo de loita contra o abandono no rural, esta lei vai un paso máis aló e incorpora a maiores a reestruturación parcelaria mediante permutas de fincas entre titulares de predios de vocación agraria. O anteproxecto de lei distingue facer as permutas sen cambio na forma das parcelas ou modificando a súa xeometría, de xeito que se incremente a efectividade da transformación e dando como resultado unha mellora na posta en cultivo. Para o fomento desta iniciativa, a Administración poderá establecer mecanismos fiscais de dedución.

Ademais, vaise permitir mobilizar os predios xa concentrados que estean en estado de abandono para as explotacións agrarias co obxectivo de promover o uso das fincas no medio rural, xa que son fonte de riqueza e emprego. Así, poderase non só actuar sobre parcelas individuais abandonadas, senón declarar perímetros de actuación no caso de que se dean determinadas circunstancias (casos de risco de incendio forestal, zonas queimadas ou demanda de terra das explotacións existentes) debendo os titulares destes terreos optar entre traballalos e poñelos en produción, arrendalos a terceiros que os traballen ou incorporalos ao Banco de Terras.

O NOVO DECRETO DE CONFRARÍAS UNIFICARÁ OS PROCESOS ELECTORAIS DE TODAS AS CONFRARÍAS DE GALICIA E DAS SÚAS FEDERACIÓNS

- *O Consello da Xunta analizou o proxecto de Decreto polo que se regulan as confrarías de pescadores e as súas federacións*

O Consello da Xunta analizou esta mañá o proxecto de Decreto polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións. Este documento permitirá regular o procedemento electoral de todas as entidades, establecendo un calendario de convocatoria de eleccións unificado. A Xunta ten a obriga legal de unificar os procesos electorais en todas as confrarías de Galicia e centralas nun mesmo período temporal, tal e como recolle a Lei de pesca.

Así mesmo, establece unha convocatoria única de eleccións para todas as confrarías de Galicia, unifica a duración dos mandatos e a representatividade dos cargos electos nos órganos das federacións, acadando así unha mellora na coordinación dos procesos electorais.

O proxecto de decreto establece un marco xurídico que lles permitirá ás confrarías e federacións adaptarse aos cambios constantes que se producen no sector, sobre todo no que ten que ver coa xestión dos recursos, co seu ámbito de organización e co funcionamento interno. O futuro decreto permitirá que estes organismos sigan traballando como entidades modernas, solventes e competitivas nun mercado da pesca en constante transformación, sempre baixo a primicia da legalidade, transparencia contable e democracia interna.

O documento tamén recolle a responsabilidade que teñen as confrarías e federacións na xestión das lonxas, así como o seu "papel colaborador" en decisións importantes para o sector, como poden ser os debates nos que se deciden as políticas pesqueiras autonómicas, nacionais ou comunitarias.

A XUNTA MOBILIZA MÁIS DE 5 MILLÓNS EN 32 PROXECTOS INNOVADORES QUE MELLORAN A COMPETITIVIDADE DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- *O programa de investimentos innovadores da Consellería de Economía e Industria destina 2 millóns de euros para achegar ao mercado novos ou mellorados produtos e servizos*
- *Impúlsase a adquisición de equipamentos innovadores para os centros produtivos das empresas, promóvese a dotación de departamentos de I+D+i, e facilítase a transferencia de tecnoloxía mediante a consecución de licenzas relativas a invencións*
- *O obxectivo é promover un cambio no modelo produtivo baseado na innovación, contribuír á creación de emprego e xerar riqueza*
- *A través do programa lévanse apoiado 140 proxectos nos últimos cinco anos*

A Xunta de Galicia, no seu obxectivo de promover a innovación no tecido empresarial galego como unha das claves para a súa mellora competitiva, resolve unha nova edición do programa de investimentos innovadores para o crecemento empresarial. Esta actuación, promovida pola Axencia Galega de Innovación, destina este ano 2 millóns de euros ao desenvolvemento de 32 proxectos centrados na mellora das capacidades investigadoras, innovadoras e tecnolóxicas das empresas galegas.

En total, mobilizaranse máis de 5 millóns de euros entre capital público e privado, contribuíndo ao cambio do modelo produtivo do tecido empresarial galego, á creación de emprego e á xeración de riqueza. Neste sentido, os proxectos incrementan as capacidades tecnolóxicas e innovadoras das empresas mediante a dotación de recursos específicos.

Así, impúlsanse 3 tipos concretos de actuacións que se desenvolverán maioritariamente en pemes, ao representar estas máis do 70% do total de beneficiarios. En primeiro lugar, facilítase a adquisición de equipamentos innovadores para os centros produtivos das empresas coa finalidade de desenvolver produtos e procesos novidosos. Estas axudas, que alcanzan os 300.000 euros, permiten tamén impulsar a transformación dos procesos de produción das empresas galegas.

Por outra banda, promóvese a dotación de departamentos de I+D+i nas empresas para ampliar a súa capacidade tecnolóxica e innovadora, destinando para este campo apoios que chegan ata os 150.000 euros.

E por último, concédense subvencións de ata 20.000 euros encamiñadas a facilitar a transferencia de tecnoloxía mediante a adquisicións de licenzas relativas a invencións. Isto permite a consecución de dereitos de patentes, licenzas ou coñecementos técnicos non patentados.

Deste xeito, a Xunta de Galicia segue a apostar pola actividade innovadora do tecido empresarial galego, promovendo proxectos que se desenvolverán en distintos eidos de actuación como a industria farmacéutica e biotecnolóxica, o sector agroaforestal e a súa industria transformadora, ou a aplicación das TIC a sectores prioritarios da economía galega.

Para facilitar a realización destes proxectos innovadores, a Consellería de Economía e Industria anticipará ata o 25% da axuda concedida, que no caso das pequenas empresas ascende ata o 50%, nas medianas ata o 40%, e para as grandes se sitúa nun máximo do 30% sobre o total do custo xustificado. Este anticipo permítelles aos beneficiarios contar cunha parte importante da axuda nun prazo moi breve de tempo, o que contribúe a unha mellora da súa liquidez.

Coa resolución desta orde de axudas, a Consellería de Economía e Industria leva apoiados xa 140 proxectos nos últimos cinco anos. Así mesmo, cómpre salientar que esta liña de apoios se complementa coa activada polo Igape para a reorientación e competitividade das pemes galegas, que cobre proxectos de equipamentos tecnolóxicos para innovación que se sitúan nun tramo de investimento subvencionable de entre 300.000 e 500.000 euros. En total, os dous programas mobilizan 18 millóns para a realización de proxectos destinados á renovación de equipamentos e maquinaria nas pemes galegas.